



Ano Santo Compostelán

AGENCIA DEL CAMINO 21/22

Ano Santo Compostelán

Ano no que o día de Santiago apóstolo (25 de xullo) cadra en domingo.

O Ano Santo ou Xubilar é un tempo no que a Igrexa, con motivo dalgún acontecemento da historia da Redención, concede ós fieis grazas espirituais, en imitación do que a Biblia di do Ano Xubilar dos Israelitas: cada 50 anos era Ano Sabático e nel recuperaban as terras aqueles que as venderan por necesidade e os escravos adquirían a liberdade.

É dicir, un tempo no que é máis sinxelo acadar grazas de Deus, e por riba de todo é unha invitación a retornar á vida cristiá dos que están afastados ou tomar unha maior conciencia da nosa condición de cristiáns.

Compostela goza dun privilexio singular grazas á Bula concedida polo Papa Calisto II, gran benfeitor da Igrexa Compostelá. Este privilexio, que tamén confirmou Alexandre III, consiste en que cada ano no que o 25 de xullo, festividade do Apóstolo Santiago, cadre en domingo, é Ano Santo Xacobeo. Durante ese tempo poderanse gañar na Igrexa Catedral de Compostela, en plenitude, as grazas do Xubileu.

Xubileu Compostelán

O Xubileu compostelán concede como graza especial:

Indulxencia Plenaria

Esta indulxencia plenaria soamente se pode lucrar (ou gañar) unha vez cada día. Pode beneficiarse dela a propia persoa ou aplicarse, a modo de sufraxio, polos defuntos.

Así a define o Código de Dereito Canónico (C.I.C. c. 992): “A indulxencia é a remisión ante Deus da pena temporal polos pecados, xa perdoados en canto á culpa, que un fiel disposto e cumprindo determinadas condicións, consegue por mediación da Igrexa, a que, como administradora da redención, distribúe e aplica con autoridade o tesouro das satisfaccións de Cristo e dos Santos”.

Outras grazas

Os confesores especialmente designados poderán absolver, en confesión sacramental, de tódalas censuras, mesmo as reservadas (por exemplo, aborto consumado; apostasía pública..., C.I.C.c. 1398 e c. 1364), salvo algunhas excepcións reservadas ao Papa. Así mesmo poderán dispensar e conmutar votos, non reservados.

Os cregos peregrinos gozan, mentres permanezan en Compostela, das mesmas licencias ministeriais que teñan dos seus respectivos Ordinarios.

Sentido da Indulxencia

Os homes, polo pecado, afastámonos de Deus e danamos a comunión cos irmáns. Polo Sacramento da Penitencia os nosos pecados quedan totalmente perdoados.

Con todo, estamos obrigados a “satisfacer” por eles, é dicir, purificar a desorde causada en nós polo pecado. A Igrexa invítanos a facelo mediante as obras de piedade, de penitencia e caridade.

A Indulxencia Plenaria é a concesión, pola Igrexa, no nome de Deus, da “graza” que nos permite “satisfacer plenamente” todo o debido polos nosos pecados.

A Indulxencia do Xubileu compostelán é, polo tanto, a concesión que a Igrexa fai ós crentes do “perdón” ou “amnistía total” de Deus, condicionada aos nosos desexos sinceros de conversión e, neste caso, á visita ao Sepulcro do Apóstolo Santiago.

Para gañar o Xubileu

Para gañar o Xubileu non é necesario facer o Camiño de Santiago. Para acadar a indulxencia plenaria do Xubileu é necesario, ademais de rexeitar todo afecto ó pecado incluso venial:

- 1- Visitar a Catedral de Compostela onde se garda a Tumba de Santiago o Maior.
- 2- Rezar algunha oración (polo menos o Credo, o Noso Pai...) e pedir polas intencións do Papa. Recoméndase asistir á Santa Misa.
- 3- Recibir os sacramentos da Penitencia (pode ser uns días antes ou despois) e da Eucaristía.

Notas:

- A. Tanto a Confesión como a Comuñón poden anticiparse ou posporse quince días á visita á Catedral. Unha mesma Confesión serve para ganar varias indulxencias. Para cada unha das indulxencias hai que recibir a Comuñón.
- B. Na visita á Catedral non é necesario facer outra cousa que as xa indicadas: por tradición pódense realizar outros costumes visitar o Sepulcro, entrar pola Porta Santa, etc...

Exame de conciencia

O Catecismo da Igrexa Católica di da Penitencia: “convén prepara-la recepción deste sacramento mediante un exame de conciencia feito á luz da Palabra de Deus” (n. 1454).

Sinálanse algunhas cuestións a modo indicativo:

- ¿Cando foi a miña última Confesión? ¿Achegueime indignamente a recibir algún sacramento? ¿Calei por vergoña algún pecado mortal nas miñas confesións anteriores?

- ¿Dubidei ou neguei as verdades da fe católica? ¿Puxen en perigo a miña fe lendo libros ou revistas contrarias á fe? ¿Fun supersticioso ou practiquei o espiritismo?
- ¿Tomei o nome de Deus en van? ¿Blasfemei? ¿Xurei sen necesidade ou sen verdade?
- ¿Faltei a Misa os domingos ou días festivos pola miña culpa e sen unha razón grave?
- ¿Cumprín os días de xaxún e abstinencia?
- ¿Desobedecín ós meus pais ou superiores en materias de importancia?
- ¿Teño inimidade, odio ou rancor contra alguén? ¿Rexeito perdoalo?
- ¿Causei dano a alguén? ¿Embriagueime, bebín con exceso ou tomei drogas? ¿Practiquei, aconsellei ou facilitei o grave crime do aborto?
- ¿Aceptei pensamentos ou miradas impuras? ¿Vin películas inmoraes?
- ¿Tiven conversas contra a castidade? ¿Realicei actos impuros?
- ¿Usei indebidamente o matrimonio? ¿Tomei píldoras anticonceptivas ou usei algún outro método artificial para evitar ter fillos?
- ¿Tomei cartos ou cousas que non son miñas? ¿Restituín ou reparei polo dano que causei? ¿Fun honrado nos meus negocios? ¿Cumprín cos meus deberes cívicos?
- ¿Mentín? ¿Calumniei ou descubrí, sen causa xusta, defectos graves doutra persoa, aínda que sexan certos, pero non coñecidos? ¿Fixen xuízos temerarios contra o próximo? ¿Reparei o dano que puido seguirse?
- ¿Educo seguindo a fe católica ós fillos co exemplo e o diálogo? ¿Preocúpome pola miña formación cristiá? ¿Axudei á Igrexa nas súas necesidades?

No caso de que se lembren outros pecados, estes teñen que ser manifestados na confesión.

Peregrina con nosotros. agenciadelcamino.com